

1. Describe con números enteiros as seguintes situacións:

a) A temperatura aumentou 15 graos

b) A temperatura baixou 6 graos.


c) Teño 200 euros

d) Ingreso en conta de 180 euros

e) Debo 15 euros

f) Paguei 24 euros

2. a) Representa na recta real os seguintes números: -3; -0.2 ; 1.3



b) Escribe dous números comprendidos entre 3,5 e 3,6.

3. Calcula o valor absoluto dos seguintes números:

$| -5 | =$

$| -8 | =$

$| +6 | =$

$| -16 | =$

$| +48 | =$

4. Escribe o signos *maior que* (>) ou *menor que* (<) nas expresións seguintes:

$-6 \dots -5$

$-7 \dots +3$

$0 \dots -1$

$+3 \dots +4$

$+7 \dots +6$

$-3 \dots -4$

$+1 \dots 0$

5. Calcula canto debe valer x para que o número $16x$ sexa:

a) Múltiplo de 2.

b) Múltiplo de 3.

c) Múltiplo de 5.

6. Calcula:

a) mín.c.m. (42, 63)

b) máx.c.d. (15, 3, 6)

7. Acha:

a) $24 : (-2)^3 - 2 =$

b) $18 : (-6) + 13 =$

c) $-13 + 2 \cdot (2 - 3) =$

8. Calcula:

a) $\frac{4}{7} + \frac{7}{3} =$

b) $\frac{9}{2} - \frac{1}{3} \cdot \left[3 - \left(\frac{1}{2} \right)^2 \right] =$

9. A unha excursión, organizada nun instituto, foron 210 alumnos, o que representa un 84% do total do alumnado do centro. Cantos estudantes hai nese instituto?

10. Cantos litros de refresco hai que comprar para os 27 alumnos e alumnas dunha clase se cada un bebe 2 botes de 1/3 de litro?